



*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado provisional de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral reguladas pola Orde do 15 de abril de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 30 de abril)*

De conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da interesada ou interesado, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 9, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 25 de xaneiro de 2012 (DOG do 8 de febreiro).

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar o listado provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Publicar no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal> o listado citado.

Terceiro. As persoas interesadas poderán formular alegacións no prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal>.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

